



**FEGAS** | ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA  
Memoria 2010



FUNDACIÓN PÚBLICA ESCOLA GALEGA DE  
ADMINISTRACIÓN SANITARIA  
Memoria 2010





**COORDINACIÓN:**  
Rodrigo Gómez Ruiz  
Uxío Pérez Rodríguez  
Unidade de Desenvolvemento e Innovación, FEGAS

**EDITA:**  
FEGAS / Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:**  
Andaina  Publicidade

# ÍNDICE

	07	<b>PRESENTACIÓN</b>
ÁREA PRIMEIRA	09	<b>MISIÓN E VISIÓN</b>
	12	<b>1.1. Estrutura</b>
	12	<b>1.1.1. Órganos de goberno</b>
	14	<b>1.1.2. Órgano de xestión</b>
	14	<b>1.1.3. Organización funcional</b>
	18	<b>1.2. Obxectivos destacados e logros alcanzados</b>
ÁREA SEGUNDA	21	<b>ACTIVIDADE DE FORMACIÓN</b>
	23	<b>2.1. Plan de formación 2010. Escola Galega de Administración Sanitaria</b>
	23	<b>2.1.1. Características xerais</b>
	25	<b>2.1.2. Resumo global de actividade</b>
	27	<b>2.1.3. Distribución xeográfica e por centros</b>
	29	<b>2.1.4. Distribución por meses do Plan de Formación 2010</b>
	31	<b>2.1.5. Colaboradores</b>
	31	<b>2.2. Formación continuada</b>
	32	<b>2.2.1. Plan AFCAP</b>
	32	<b>2.2.1.1. Resumo de actividade AFCAP</b>
	37	<b>2.2.1.2. Resumo de actividade AFCAP xeográfica e por centros</b>
	39	<b>2.2.1.3. Resumo de actividade AFCAP por meses</b>
	39	<b>2.2.2. PEF</b>
	39	<b>2.2.2.1. Resumo de actividade PEF</b>
	46	<b>2.2.2.2. Resumo actividade PEF xeográfica e por centros</b>
	48	<b>2.2.2.3. Resumo de actividade PEF por meses</b>
	48	<b>2.3. Formación de capacitación</b>
49	<b>2.3.1. Diplomado en Saúde Pública</b>	
52	<b>2.4. Teleformación</b>	
60	<b>2.5. Evolución da actividade</b>	
61	<b>2.6. Política de calidade</b>	
ÁREA TERCEIRA	65	<b>ACTIVIDADE DE APOIO E DIFUSIÓN</b>
	66	<b>3.1. Biblioteca virtual da FEGAS</b>
	70	<b>3.2. Actividade de intercambio e innovación</b>
	70	<b>3.2.1. Foros de debate por un mundo máis saudable</b>
	70	<b>3.2.2. Ciclo de experiencias en xestión sanitaria</b>
74	<b>ANEXO 1</b>	





## PRESENTACIÓN

Prácame presentar a memoria da Escola Galega de Administración Sanitaria correspondente ao ano 2010.

Un ano de posta en marcha dun novo proxecto orientado cara ás liñas estratéxicas da Escola, definidas polas necesidades actuais, coa inclusión de proxectos de gran impacto para a nosa organización, como son a Escola de Directivos Sanitarios de Galicia, a Escola Galega de Saúde para Cidadáns, e a Escola de Simulación Médica Avanzada.

Na sociedade na que vivimos, na que os cambios culturais son tan vertixinosos, hai conceptos, como os de saúde e benestar, que tamén evolucionan con estes cambios. Esa evolución lévaos a adquirir unha notable importancia, e a se identificar, cada vez máis, cos conceptos de máxima expectativa e calidade de vida, e máxima capacidade de control dos procesos vitais por parte dos cidadáns.

Para lles dar resposta a eses cambios, as institucións dedicadas á protección da saúde teñen que evolucionar e adaptar tanto as súas estruturas como o seu funcionamento a esas novas necesidades de saúde.

A Estratexia Sergas 2014 recolle nas súas liñas estratéxicas a motivación e apoio aos profesionais sanitarios no seu cometido diario para obter resultados positivos na protección da saúde, ofertándolles e prestándolles aos cidadáns uns servizos sanitarios de calidade.

No desenvolvemento destas liñas merecen unha atención especial tanto o Plan Galego de Formación Continuada Sanitaria -baseado nas necesidades reais do sistema e na promoción das boas prácticas, sexa cal sexa o posto de traballo do profesional, co desenvolvemento dunha formación específica a través de diferentes itinerarios de capacitación profesional -cuxos obxectivos requiren programar con maior capacidade de anticipación-, e que permitan a preparación axeitada nas novas competencias tanto dos profesionais en exercicio como dos relevos xeracionais da nosa sanidade.

As liñas xerais e principais obxectivos que a Escola marcou para o ano 2010, que se presentan nesta memoria, centráronse en avanzar na mellora da calidade, en cubrir carencias formativas, en conseguir que a formación se transforme nunha aprendizaxe que repercuta na práctica profesional, e, sobre todo, en lograr o achegamento da formación aos profesionais a través da implantación de novas modalidades de formación, como a metodoloxía en liña e o enriquecemento da formación práctica.

Aproveito a oportunidade para dar as grazas a todos os profesionais do sistema público de saúde de Galicia polo compromiso coa formación e a aprendizaxe continua, e á Escola e aos seus profesionais polo seu esforzo e dedicación en pro dunha formación de alta calidade e metodoloxicamente innovadora.

**Pilar Farjas Abadía**  
Conselleira de Sanidade  
Presidenta do Servizo Galego de Saúde

01



## MISIÓN E VISIÓN

A FEGAS é unha fundación pública adscrita á Consellería de Sanidade, creada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de decembro de 1997, cuxo obxecto é a docencia, formación e investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria, atendendo sempre aos criterios de planificación e ás directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde no ámbito das súas respectivas competencias.

A **misión** da Escola é, polo tanto, o enriquecemento do capital humano dos servizos sanitarios mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia, desenvolvendo un proceso continuo de actualización de coñecementos en resposta ás variacións nas demandas sociais e á evolución dos sistemas sanitarios.

Todo isto sustentado nuns valores que enmarcan toda a súa actividade e que son:

**Xestión do coñecemento en saúde:** definindo e desenvolvendo unha formación centrada na xeración, transmisión e xestión do coñecemento coa finalidade de lles engadir valor aos produtos e servizos.

**Compromiso cos profesionais:** na procura de ser un instrumento de motivación e compromiso, de progreso persoal e profesional, e de transmisión e actualización de coñecementos dos profesionais da sanidade galega.

**Innovación constante:** tanto tecnolóxica como metodolóxica, para conseguir ser un espazo de intercambio de información e transferencia de coñecementos entre as institucións e os profesionais que integran o sistema público de saúde de Galicia.

**Calidade:** o traballo en equipo é a base da organización. A través do seu sistema de xestión da calidade, establecido segundo os requisitos da norma ISO 9001:2008, buscouse a mellora integral na organización e a confianza no traballo desenvolvido. Coa avaliación constante dos cursos, pretendemos incorporar as súas demandas e ofrecer produtos formativos de calidade e en permanente evolución.



## > FINALIDADE

Os fins da FEGAS, recollidos nos seus estatutos, reflicten e desenvolven esta misión e pódense agrupar nos seguintes apartados:

- **Formación continua:**

Planificación e provisión da formación continua en materia de administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria do persoal ao servizo da sanidade pública galega.

A programación e execución de programas de docencia e formación continua en colaboración con entidades e institucións públicas e privadas en materia de administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria.

- **Avaliación de novas tecnoloxías sanitarias**

As actividades relacionadas coa avaliación de novas tecnoloxías sanitarias nos termos que se conveñan coa Consellería de Sanidade de conformidade coa súa planificación e as súas directrices.

- **Investigación sanitaria**

A execución da actividade relacionada coa investigación sanitaria nos termos que se conveñan coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde de conformidade coa súa planificación e as súas directrices.



- **Bolsas de estudos**

Programación e financiamento das actuacións, bolsas e axudas á formación. O respecto aos principios de publicidade, concorrencia, mérito e capacidade informará a política de concesión de bolsas e axudas por parte da Escola.

- **Asesoramento**

O asesoramento que lle sexa solicitado por calquera entidade ou institución dependente das administracións públicas sanitarias de Galicia, así como por parte doutras entidades públicas ou privadas.

- **Apoio**

O apoio ás políticas que impulse a autoridade sanitaria galega, así como a difusión do seu coñecemento e a formación como instrumento da súa execución.

- **Publicación**

A edición, realización e difusión de estudos e traballos de carácter científico e de toda clase de publicacións, periódicas ou non.

- **Fondo bibliográfico**

A creación e xestión dun fondo bibliográfico e de documentación especializada no sector sanitario.

- **Colaboración**

A colaboración con institucións públicas ou privadas sobre calquera materia relacionada coa saúde, nos termos que se establezan nos correspondentes acordos ou convenios de cooperación.

- **Reunións científicas**

A organización de congresos e reunións de carácter científico e de especialistas no sector sanitario.

- **Outros**

Calquera outro relacionado coas finalidades citadas que acorde o seu padroado.

## > **ÁMBITO E BENEFICIARIOS**


O ámbito territorial en que se desenvolven principalmente as súas actividades é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto ao ámbito persoal, o sector de poboación atendida, a actuación da fundación circunscríbese ás persoas que teñan interese na realización de actividades formativas que repercutan no desenvolvemento sanitario xeral de Galicia.

A escola dirixirá as súas actividades de xeito principal e prioritario a todo o persoal ao servizo da sanidade pública galega.

## 1.1. ESTRUTURA: ÓRGANOS DE GOBERNO E XESTIÓN, ORGANIZACIÓN FUNCIONAL

A estrutura da Escola está integrada pola dirección e tres unidades funcionais, segundo se recolle no seguinte organigrama:



Cadro 1.1  
Estrutura orgánica e funcional da Escola Galega de Administración Sanitaria.

Fonte: F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria.

### 1.1.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

O Padroado é o órgano de goberno da fundación que asume a súa dirección e control.

#### 1.1.1.1. Composición

##### > Presidenta

Dna. Pilar Farjas Abadía, Conselleira de Sanidade

##### > Vicepresidenta

Dna. Sagrario Pérez Castellanos, Secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade



**> Patróns natos**

Dna. Rocío Mosquera Álvarez  
Xerente do Servizo Galego de Saúde

Dna. Nieves Domínguez González  
Directora de Asistencia Sanitaria do Sergas

D. Pablo Torres Arrojo  
Director de Recursos Económicos

Dna. Esperanza Fernández Lago  
Directora de Recursos Humanos

D. Manuel Antonio Varela Rey  
Director Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

Dna. Emma Rego Valcarce  
Xefa Territorial de Sanidade de A Coruña

Dna. Purificación Rivas Varela  
Xefa Territorial de Sanidade de Lugo

Dna. María Villar Suárez  
Xefa Territorial de Sanidade de Ourense

Dna. M<sup>a</sup> Ángeles Feijoo-Montenegro Fernández  
Xefa Territorial de Sanidade de Pontevedra

**> Patróns electivos**

D. Pablo Figueroa Dorrego  
Director da Escola Galega de Administración Pública

D. Francisco Villar García-Moreno  
Deputado do Congreso

D. Rafael López López  
Xefe de Servizo Oncoloxía Médica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

D. Ovidio Fernández Álvarez  
Xefe de Servizo de Medicina Interna do Complexo Hospitalario Universitarios de Ourense

Dna. María Cristina Viana Zulaica  
Xefa de servizo de Atención Primaria Elviña-Mesoiro

Dna. María Antonia Muñoz Mella  
Directora de Enfermaría do Hospital Povisa

D. Javier José Paz Esquete  
Subdirector Xeral de Investigación, Docencia e Innovación

Dna. Fernanda López Crecente  
Subdirectora Xeral de Xestión Sociosanitaria Saúde Mental

Dna. Carolina González-Criado Mateo  
Subdirectora Xeral de Farmacia

#### **1.1.1.2. Relación de padroados celebrados no ano 2010**

Padroado ordinario do 25 de xuño de 2010  
Padroado ordinario do 27 de decembro de 2010

#### **1.1.2. ÓRGANO DE XESTIÓN**

Está conformado polo director da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria.

Director: **D. Pablo Galego Feal**

Foi nomeado por Acordo do Padroado e por orde da Consellería de Sanidade

#### **1.1.3. ORGANIZACIÓN FUNCIONAL**

Co obxectivo posto no cumprimento dos fins establecidos, a Escola sofre un cambio no seu organigrama en decembro de 2007 no que se establecen tres unidades funcionais -Unidade de Formación, Unidade de Xestión e Apoio Tecnolóxico e Unidade de Desenvolvemento e Innovación- que, baixo a dependencia orgánica da Dirección da Escola, desenvolven as seguintes funcións:

### > Dirección da Escola

Correspóndenlle ao director as seguintes funcións:

- Executar e facer cumprir os acordos do Padroado e as instrucións do presidente impartidas no marco das súas atribucións.
- Ostentar, por delegación do presidente, a representación da fundación, sen prexuízo da representación que corresponde ao vicepresidente nos supostos de ausencia do presidente.
- Propoñer e executar as estratexias e políticas de actuación da fundación.
- Dirixir, xestionar e inspeccionar, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e celebración de actividades docentes e promover os demais fins da fundación.
- Establecer, aprobar e facer cumprir as normas de funcionamento interno da fundación, globais e en cada unha das súas unidades organizativas.
- Elaborar e elevar ao Padroado o proxecto anual de orzamentos de explotación e, no seu caso, de capital da fundación. Administrar o patrimonio de acordo coas leis e as atribucións conferidas polo Padroado.
- Ordenar os pagos e xestión da tesourería de acordo cos criterios aprobados polo Padroado.
- Dentro dos límites establecidos polo Padroado, a adquisición de bens e servizos, así como a contratación de obras.
- Rendir regularmente ante o Padroado da fundación un informe de xestión que abrangue todos os aspectos máis reseñables da actividade da fundación.
- Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado e, a tal fin, seleccionar ao persoal, concertar ou rescindir relacións laborais.
- Acordar sancións e executar os acordos do Padroado sobre o réxime retributivo.
- Informar regularmente ao Padroado dos resultados de xestión, operativos e financeiros e, especialmente, preparar a memoria do exercicio e balance de situación.
- Exercer en caso de urxencia, por delegación do presidente, as accións, excepcións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da fundación, dando conta ao Padroado na primeira sesión que se celebre.
- Calquera outra función que lle delegue o Padroado.

### Dotación:

Director

Unha secretaria de dirección

Un auxiliar administrativo

Un condutor de instalacións



#### > **Unidade de Formación**

- Programación dos plans de formación continuada do persoal ao servizo da sanidade pública galega (AFCAP, PEF, CPM).
- Coordinación da programación dos citados plans coa Subdirección de Docencia e Información Sanitaria.
- Coordinación cos responsables de docencia dos distintos centros de xestión que desenvolven a actividade descentralizada.
- Xestión na modalidade presencial das distintas actividades de formación continuada (AFCAP, PEF, CPM e outros plans que a nivel puntual poida asinar a Escola con terceiros), impartidas pola Escola.
- Xestión da acreditación da formación.
- Coordinación do persoal de apoio FEGAS nos distintos centros de xestión que desenvolven a actividade descentralizada.
- Control e seguimento da correcta execución da actividade docente programada.
- Coordinación e xestión da avaliación da formación continuada presencial impartida pola Escola.

#### **Dotación:**

Responsable da Unidade de Formación

Un técnico da función administrativa, un administrativo e seis auxiliares administrativos.

#### > **Unidade de Xestión e Apoio Tecnolóxico**

- Preparar estudos e informes técnicos sobre as materias propias da FEGAS.
- Dar fe das resolucións e actos da escola, efectuar e custodiar as actas das reunións dos órganos colexiados.
- Tramitar as contratacións de obras, servizos e subministracións.
- Executar a xestión económica e orzamentaria.
- Tramitar os asuntos de persoal.
- Levar o rexistro xeral e arquivos de documentación.
- Tramitar as reclamacións e recursos que se expoñan.
- Coordinar as tarefas de mantemento e seguridade das instalacións.
- Distribuír e controlar os asuntos xerais da Escola.
- Informar sobre a viabilidade legal e económica dos programas de actuación en materia de investigación e formación.
- Tramitar as bolsas con cargo aos orzamentos para a promoción e desenvolvemento das actividades que lle son propias.
- Prestar apoio técnico e administrativo á dirección e áreas da Escola.

#### **Dotación:**

Responsable da Unidade de Xestión e Apoio Tecnolóxico

Dous técnicos da función administrativa e dous administrativos e un auxiliar administrativo



### > Unidade de Desenvolvemento e Innovación

- Promover, coordinar, deseñar e xestionar actividades de formación especializada (máster, expertos e diplomatura), en colaboración con Institucións públicas e privadas no ámbito nacional e internacional.
- Xestión na modalidade de teleformación das distintas actividades de formación impartidas pola Escola.
- Promover e coordinar a creación dunha plataforma virtual da FEGAS que permita o desenvolvemento de programas de formación e-learning ou blended learning en función das necesidades demandadas.
- Promover e coordinar proxectos formativos de colaboración con institucións públicas e privadas no ámbito nacional e internacional (con especial orientación cara a Portugal e Iberoamérica), fundamentalmente nos campos da saúde pública e a administración sanitaria.
- Colaborar na análise da situación, a determinación das políticas e o desenvolvemento das estratexias no ámbito da investigación sanitaria, en colaboración coa Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias.
- Xestionar a concesión de premios e bolsas.
- Mantemento e actualización do Sistema de Xestión de Calidade da FEGAS (realización de informes para a toma de decisións por parte da área de Formación).
- Promover e coordinar un plan de comunicación que permita unha maior divulgación da FEGAS e da súa formación a nivel sanitario e social.
- Publicar estudos e investigacións cuxa difusión haxa que considerar de interese.
- Crear e manter un fondo bibliográfico que sirva de soporte documental na elaboración de tese, teses de licenciatura, etc.

### Dotación

Responsable de unidade de desenvolvemento e Innovación.

Un técnico da función administrativa, dous auxiliares administrativos.





### > Infraestrutura

A Escola Galega de Administración Sanitaria ten a súa sede no seguinte enderezo de Santiago de Compostela:

**Avda. Fernando de Casas Novoa, Edificio CNL, n.º 37, 1ª planta.**  
**CP: 15707. San Lázaro - Santiago de Compostela (A Coruña).**

Teléfonos: **981 555 103 / 981 554 637**

FAX: **981 563 012 / 981 554 824**

e-mail: **fegas@sergas.es**

Páxina web : **www.fegas.es**

A escola dispón tamén do uso temporal das aulas, salóns e outras infraestruturas docentes nas dependencias da Consellería de Sanidade e mais o Servizo Galego de Saúde en Santiago de Compostela, nas das súas delegacións e direccións provinciais, e nas das institucións sanitarias de atención primaria e atención especializada da Consellería de Sanidade e do seu organismo.

Cómpre agradecerlles a todas as entidades, direccións e delegacións provinciais, así como, moi especialmente, a todas as institucións sanitarias pola súa cesión e a dispoñibilidade temporal da dita infraestrutura.

## **1.2. OBXECTIVOS DESTACADOS E LOGROS ACADADOS**


Neste ano 2010, a FEGAS desenvolve a liña estratéxica de formación marcada pola Consellería de Sanidade, na que se parte dun enfoque global permitindo unha visión xeral e evitando carencias e duplicidades na oferta de formación.

As liñas xerais e principais obxectivos que a escola intentou potenciar ao longo do ano 2010 centráronse en: avanzar e mellorar a calidade das actividades, acadar o achegamento da formación aos profesionais e na potenciación e desenvolvemento de modalidades de formación con metodoloxías pedagóxicas avanzadas, conseguir que a formación se transforme nunha aprendizaxe que repercuta na práctica profesional, e o fomento das relacións con outros sectores como a universidade, institucións, sociedades científicas ou escolas.

Por último, unha das prioridades da escola, foi e seguirá sendo, facilitarlles o acceso á información e a axilidade na xestión aos potenciais alumnos ou usuarios.



02



## ACTIVIDADE DE FORMACIÓN

### FORMACIÓN REAL



### PARA UNHA SANIDADE REAL

Na FEGAS consideramos que o coñecemento é un valor básico para unha organización sanitaria. A actualización súa actualización é imprescindible para acadar os obxectivos permanentes de eficiencia, equidade e modernización que se necesitan co fin de cumprir cada vez mellor as demandas da sociedade e, como consecuencia, aumentar o nivel de saúde dos cidadáns e cidadás.

Consideramos tamén que a mellora dos coñecementos dunha organización radica fundamentalmente no feito de aprender por riba do feito de ensinar. Entendemos que xestionar o coñecemento non só significa xestionar a formación -cantas máis actividades docentes mellor- nin dotarse de ferramentas avanzadas para esa xestión -aínda que estas sexan facilitadoras da tarefa-; significa conseguir que a organización aprenda cada día e que grazas a esa aprendizaxe sexa máis eficiente e efectiva.

Entendemos, así mesmo, que somos o instrumento adecuado para responder ás necesidades de formación dos traballadores e traballadoras ao servizo da sanidade pública de Galicia.

Tendo como referentes estes convencementos, os nosos obxectivos deste ano orientáronse cara a iniciar os procesos necesarios para transformar un proxecto de Escola dedicado ata o de agora fundamentalmente á xestión da actividade docente en si mesma, para convertelo nun proxecto formativo de futuro máis amplo e ambicioso, que englobe todos e cada un dos aspectos que leva a xestión do coñecemento, dirixido fundamentalmente a actualizar e avanzar nas competencias dos e das profesionais da nosa sanidade e que se apoia nos seguintes principios reitores:

- Formación orientada á adquisición de coñecementos, habilidades e actitudes para a mellora da práctica dos profesionais da sanidade, desenvolvida a través da formación recollida en distintos programas construídos atendendo ás necesidades demandadas: formación continua baseada en fórmulas que fomenten a eficiencia da práctica profesional.
- Deseño de itinerarios propios de formación para a capacitación, baseados en necesidades detectadas na organización, na procura da maior excelencia profesional.
- Formación descentralizada e facilitadora da aprendizaxe utilizando as vantaxes que ofrece a teleformación, construída sobre distintas ferramentas pedagóxicas suficientemente contrastadas, para atender o demandado por unha parte importante dos nosos usuarios.



•Promoción da formación baseada no intercambio, colaboración e cooperación entre os distintos profesionais usuarios da escola e institucións dedicadas a formación do persoal dos servizos de saúde, para conseguir un maior intercambio e difusión do coñecemento xerado .

Todo isto, aproveitando as experiencias positivas extraídas da análise das actividades e programas executados durante os anos de percorrido desta institución.

Sabemos que este ambicioso proxecto, como calquera proxecto de transformación dunha institución, precisa dun período de transición máis ou menos longo que está en función tanto da propia capacidade da institución en asumir eses cambios como das necesidades de prestación de servizo demandadas polos profesionais e a propia Administración sanitaria neste caso.



## 2.1. PLAN DE FORMACIÓN 2010. ESCOLA GALEGA DE FORMACIÓN SANITARIA

### 2.1.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

A actividade de formación executada pola FEGAS en 2010 desenvolveuse dentro dos ámbitos da formación continuada, da formación de capacitación e da teleformación, e xurdíu dun sistema aberto e multidisciplinario no que se conta coa participación activa tanto dos profesionais como dos responsables de formación da Consellería e do Servizo Galego de Saúde.

O Plan de formación 2010 da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria engloba o total da actividade formativa a desenvolver en dito ano e é difundido nun documento publicado a tal fin.

O conxunto da actividade está recollida en distintas áreas temáticas que permiten estruturar a oferta formativa nos seguintes bloques de coñecemento:

> **Área de Asistencia sanitaria:** abarca a formación orientada aos coñecementos, habilidades e actitudes relacionados cos procesos operativos de diagnóstico, tratamento, rehabilitación e de apoio para a recuperación da saúde. Inclúe formación dirixida tanto a profesionais sanitarios como non sanitarios, pero directamente vinculada á atención sanitaria dos usuarios. Esta área representa o gran núcleo definitorio dunha organización sanitaria.

> **Área de Prevención e promoción da saúde:** inclúe a formación relacionada cos coñecementos, habilidades e actitudes dirixidas á protección da saúde. Integra actividades formativas orientadas tanto a profesionais da Administración sanitaria como a persoal das institucións e centros sanitarios.

> **Área de Comunicación e atención ao usuario:** abrangue toda a formación relacionada cos sistemas, mecanismos e habilidades necesarios na comunicación interna e externa da organización sanitaria. Polo tanto, nela terán cabida todas as accións orientadas á comunicación con usuarios externos e internos, tanto no contexto do eixo asistencial como no da administración e servizos xerais.

> **Área de Administración, xestión e dirección das organizacións:** integra todas as actividades formativas orientadas á xestión da organización no seu sentido máis amplo. Inclúe a formación relacionada co desenvolvemento de habilidades directivas (comunicación, traballo en equipo, negociación, etc.), así como de coñecementos propios do ámbito da xestión de tipo transversal (xestión clínica, xestión da calidade, xestión por procesos, xestión económico-financeira, procedemento administrativo, lexislación, normativa, etc.).

> **Área de Xestión do coñecemento da organización:** abarca a formación dirixida aos procesos de xeración e transferencia do coñecemento no ámbito da saúde. Inclúe actividades formativas de metodoloxía e xestión da docencia e da investigación sanitaria, metodoloxía de busca bibliográfica, de lectura crítica, da MBE (medicina baseada na evidencia ou asistencia sanitaria baseada en probas), elaboración de GPC, etc.

> **Área de Tecnoloxías:** engloba todas as actividades formativas relacionadas co manexo tanto das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) como das tecnoloxías sanitarias.

Por outra banda, a efectos de financiamento e operatividade de xestión administrativa, as actividades de formación execútanse a través de catro plans docentes diferenciados: AFACAP, PEF, PAE e Plan FEGAS, a continuación podemos ver en detalle cada un dos plans da Escola Galega de Administración Sanitaria:

**Plan AFCAP:** (plan de formación continua do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde): inclúense neste plan as actividades docentes que anualmente forman parte do Plan de Formación Continuada do Persoal da Xunta de Galicia, no marco dos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio para as Administracións Públicas e as comunidades autónomas.

**PEF:** (plan estratéxico de formación dos traballadores ao servizo da sanidade pública galega): enmarcado no Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o SERGAS, no que a Escola Galega de Administración Sanitaria ten como función deseñar conxuntamente e executar o plan de formación e reciclaxe profesional en materia de administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria de todos os traballadores, tanto da Consellería de Sanidade como do SERGAS.

**PAE** (plan de actividades específicas): actividades formativas con financiamento de orixe pública, pero que non forman parte do PEF nin do AFCAP e que responden a plans ou actuacións específicas por iniciativa de centros ou órganos da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde ou a propia Fegas e que son executadas pola Escola.

**Plan FEGAS:** actividades por iniciativa propia da Fegas, da Consellería de Sanidade e/ou o Servizo Galego de Saúde, pero que non teñen financiamento conveniado de orixe pública.

Unha grande parte destas actividades de formación desenvólvense dun xeito descentralizado nas distintas provincias galegas dado que, o achegamento da oferta formativa aos traballadores para estimular e fomentar a súa participación nas mesmas, foi unha aposta clara da Escola ao longo dos últimos anos.



### 2.1.2. RESUMO GLOBAL DE ACTIVIDADE

Para resumir a actividade desenvolvida neste plan de formación, tanto globalmente como para cada unha das áreas temáticas nas que se encadran as actividades, fixarémonos, fundamentalmente en tres parámetros que a caracterizan e son:

- número de actividades impartidas, que recolle o total cursos programados incluíndo todas as distintas edicións executadas en cada un deles.
- número de horas lectivas impartidas, que está en relación co tipo de actividade desenvolvida.
- número de certificados emitidos, que está en relación co correcto seguimento da actividade.

O total da actividade formativa desenvolvida pola Escola neste ano 2010 queda resumida nas seguintes táboas:


Plan de formación 2010.  
Resumo de actividade formativa.

Fonte: Aplicación de Xestión Integral da F.P. Escola Galega de Administración Sanitaria.

	Nº de horas	Nº de certificados	Cursos
<b>Actividade formativa</b>	10.322	14.226	740
<b>PEF</b>	3.967	5.601	296
<b>AFCAP</b>	4.489	6.848	335
<b>CPM</b>	1.144	1.278	78
<b>Carlos III</b>	722	499	31

	Actividades programadas	Actividades anuladas	Actividades executadas	%execución
<b>Total formación</b>	830	90	740	89,15%
<b>PEF</b>	379	62	296	76,68%
<b>AFCAP</b>	342	7	335	97,95%
<b>PAE</b>	78	-	78	100,00%
<b>Plan FEGAS</b>	31	-	31	100,00%

Gráfica da execución de actividades totais.





Programas específicos	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certific.	%
<b>Asistencia sanitaria</b>	261	35,3	3.041	29,5	5.269	36,6
<b>Comunicación e atención ao usuario</b>	34	4,6	652	6,3	482	4,6
<b>Administración, xestión e dirección das O.S.</b>	119	16,1	2.717	26,3	2.432	16,9
<b>Xestión do coñecemento na organización</b>	97	13,1	1.465	14,2	1.432	9,9
<b>Prevenición e promoción da saúde</b>	132	17,8	1.245	12,1	2.896	20,1
<b>Tecnoloxías</b>	97	13,1	1.202	11,6	1.715	11,9
<b>Total</b>	740	100,00	10.322	100,00	14.226	100,00

### > Acreditación

A garantía do recoñecemento da calidade da formación impartida pola Escola é un dos nosos principios reitores, xa que consideramos a formación continuada como un elemento esencial para o desenvolvemento do profesional. A Administración, ademais de elaborar un plan de actividades acorde coas necesidades do persoal profesional e a sociedade, deberá incidir na súa calidade. O sistema de acreditación é o instrumento que garante a validez da formación para todo o Sistema Nacional de Saúde.

As actividades de formación continua, para o persoal incluído na Lei de ordenación de profesións sanitarias, están acreditadas na nosa Comunidade Autónoma polo sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por contra, os cursos dirixidos ao persoal non incluído na dita Lei non poderán ser acreditados polo sistema Acreditador. Non obstante, desde a Escola queremos ser garantes tamén desa formación e así, para este persoal esténdese un certificado de asistencia ou aproveitamento onde se indica o número de horas, o contido, a data e o lugar. Así mesmo, as actividades da Escola están consideradas de Interese sanitario referendadas pola Orde do 6 maio de 1998, pola que se converte en garante da calidade da formación.

Os datos específicos de acreditación no ano 2010 reflicten 475 actividades acreditadas. É importante destacar a función da Escola en xestionar os créditos das actividades realizadas. Dos datos presentados cabe sinalar que o ratio actividades acreditables / actividades acreditadas acadou un grao do 65%, na procura de organizar a formación de calidade esixida polos nosos profesionais.

<b>Actividades</b>	740
<b>Actividades acreditadas</b>	475
<b>Porcentaxe acreditada</b>	65%


### 2.1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA E POR CENTROS

Un dos obxectivos principais do plan de formación é **achegar e facilitar o acceso á formación a todos e todas as profesionais pertencentes ao sistema sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.**

En virtude deste principio, a execución do plan tivo un alto porcentaxe de descentralización. Esta descentralización -nun marco xeográfico dividido por localidade e centros- queda reflexada nas seguintes táboas:

Distribución da actividade por localidade.	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certificados	%	
Fonte: aplicación de Xestión Integral da F.P. Escola Galega de Administración Sanitaria.	<b>A Coruña</b>	80	10,81	856	8,29	1.615	11,35
	<b>Burela</b>	11	1,49	120	1,16	208	1,46
	<b>Cee</b>	5	0,68	80	0,78	94	0,66
	<b>Ferrol</b>	45	6,08	528	5,12	869	6,11
	<b>Lugo</b>	50	6,76	712	6,90	997	7,01
	<b>Monforte de Lemos</b>	15	2,03	88	0,85	227	1,60
	<b>O Barco de Valdeorras</b>	15	2,03	80	0,78	234	1,64
	<b>Ourense</b>	60	8,11	880	8,53	1.129	7,94
	<b>Pontevedra</b>	55	7,43	625	6,06	1.164	8,18
	<b>Ribeira</b>	9	1,22	86	0,83	166	1,17
	<b>Santiago de Compostela</b>	309	41,76	5.217	50,54	5.232	36,78
	<b>Verín</b>	5	0,68	52	0,50	103	0,72
	<b>Vigo</b>	70	9,46	896	8,68	1.586	11,15
	<b>Vilagarcía de Arousa</b>	10	1,35	80	0,78	133	0,93
	<b>Outros</b>	1	0,14	22	0,21	469	3,30
	<b>Total</b>	740	100,00	10.322	100,00	14.226	100,00

Gráfica de distribución de actividades totais.



Distribución da actividade por centro.

	Nº de activ.	%	Nº de certif.
<b>Centralizados para toda a comunidade</b>	135	18,70	2.856
<b>A Coruña</b>			
Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo	29	4,02	128
Xerencia Atención Primaria de A Coruña	1	0,14	301
Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	39	5,40	415
Hospital Vírxe da Xunqueira	5	0,69	94
Hospital da Barbanza	8	1,11	166
Área sanitaria de Ferrol	20	2,77	247
<b>Lugo</b>			
Complexo Hospitalario Xeral-Calde	20	2,77	247
Xerencia de Atención Primaria de Lugo	8	1,11	208
Hospital da Costa	11	1,52	208
Hospital Comarcal de Monforte	9	1,25	147
<b>Ourense</b>			
Complexo Hospitalario de Ourense	29	4,02	509
Hospital Comarcal de Valdeorras	10	1,39	234
Xerencia de Atención Primaria de Ourense	0	0,00	63
<b>Pontevedra</b>			
Complexo Hospitalario de Pontevedra	18	2,49	44
Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra	2	0,28	336
Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	18	2,49	179
Hospital Comarcal do Salnés	16	2,22	133
Xerencia de Atención Primaria de Vigo	19	2,63	310
<b>Outros</b>	325	45,01	7.601
<b>Total</b>	722	100,00	14.426

Como se pode apreciar na táboa a porcentaxe de actividade descentralizada é dun alto porcentaxe. Este dato pon de relevo o esforzo que se fai por achegar a formación ao profesional para facilitar, na medida do posible, o acceso a formación de cada un deles.



### 2.1.4. DISTRIBUCIÓN POR MESES DO PLAN DE FORMACIÓN 2010


Como se pode apreciar na seguinte táboa, a Escola desenvolve a súa actividade de formación ao longo de tódolos meses do ano salvo xaneiro e agosto. Destes meses os que recollen a maior actividade son os de outubro, abril, maio e xuño respectivamente sendo os de febreiro e decembro os de menor actividade. Este dato pon de relevo o esforzo que se fai por compatibilizar, na medida do posible, o acceso a formación coas necesidades laborais dos profesionais e a administración sanitaria.


A mesma conclusións dedúcese se analizamos as horas e os certificados emitidos en relación coa distribución temporal tal e como se recolle nos seguintes gráficos:

Distribución de actividades por meses.


	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certificados	%
<b>Xaneiro</b>	0	0,00	0	0,00	363	2,55
<b>Febreiro</b>	9	1,25	422	4,09	203	1,43
<b>Marzo</b>	88	12,19	1.326	12,85	125	0,88
<b>Abril</b>	140	19,39	1.524	14,76	1.642	11,54
<b>Maio</b>	120	16,62	1.440	13,95	2.456	17,26
<b>Xuño</b>	81	11,22	1.352	13,10	1.639	11,52
<b>Xullo</b>	3	0,42	8	0,08	1.101	7,74
<b>Agosto</b>	0	0,00	0	0,00	3	0,02
<b>Setembro</b>	70	9,70	1.302	12,61	70	0,49
<b>Outubro</b>	110	15,24	1.528	14,80	1.642	11,54
<b>Novembro</b>	95	13,16	1.385	13,42	3.037	21,35
<b>Decembro</b>	6	0,83	35	0,34	1.945	13,67
<b>Total</b>	722	100,00	10.322	100,00	14.226	100,00

Gráfica da distribución por meses de actividades totais.





Gráfica da distribución por meses de horas totais.



Gráfica da distribución por meses de certificados totais.



### 2.1.5. COLABORADORES

A metodoloxía docente empregada na maioría das actividades é a da formación presencial impartida por colaboradores nomeados de acordo cos contidos programados, seguindo criterios de coñecemento e experiencia contrastada, e desenvolvida a través de relatorios maxistrais ou obradoiros de traballo.

Na xestión da actividade do ano 2010, o número de colaboradores foron:

Nº de colaboradores
1.518

No anexo 1 ofrecemos a relación de colaboradores neste ano 2010. Vaia para todos eles o noso agradecemento.

## 2.2. FORMACIÓN CONTINUADA

As actividades de formación continuada son aquelas destinadas a manter ou mellorar a competencia dos profesionais sanitarios, unha vez obtida a titulación básica ou a especialidade correspondente.

En 2010 as numerosas actividades desenvolvidas pola Fegas en materia de formación continuada estiveron encamiñadas a potenciar o desenvolvemento dos coñecementos, actitudes e habilidades dos profesionais ao servizo da sanidade pública de Galicia.

Neste apartado recóllense as actividades desenvolvidas en cada un dos plan estratéxicos de formación na modalidade presencial.

### 2.2.1. PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS DO SERGAS AFCAP

*“Os coñecementos e capacidades dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde determinan, en gran medida, a calidade dos servizos sanitarios dispensados aos usuarios. Neste sentido, a formación continuada amósase como unha das ferramentas máis axeitadas para mellorar e adecuar, pola vía da capacitación dos profesionais, os servizos sanitarios ás demandas dos usuarios.”*

Segundo o Convenio de colaboración asinado entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), durante o ano 2010 á escola correspóndelle a organización, a xestión e a execución de toda a actividade docente incluída nos plans de formación continua.

O plan vai dirixido ao persoal que presta servizos nas institucións sanitarias xestionadas polo Sergas, así como tamén nos servizos centrais e periféricos do citado organismo. Seguindo a liña estratéxica dos últimos anos, a actividade de formación continuada acadou un alto grao de participación e o obxectivo de lles dar cobertura a todas as profesións que desenvolven os seus servizos.

### 2.2.1.1. Resumo de actividade AFCAP

Como primeiro aspecto xeral cabe comentar que o número de actividades desenvolvidas no Plan AFCAP foron 335, para un total de 4.489 horas de formación dato que segue a manter, con respecto a planes anteriores, unha evolución crecente.

Esas 4.489 horas de actividade programada reflicten un incremento do 16% con respecto ao ano anterior. Significa un aumento interanual estable na procura de aspectos máis cualitativos que cuantitativos do proxecto, no que o forte pulo se produciu nos primeiros anos do convenio a partir de 1998.

#### > Distribución por áreas temáticas

A implicación da sociedade e a saúde obriga a diagnosticar novos focos que precisen atención e, polo tanto, a abrir liñas programáticas na formación que repercutan na especialización do persoal que ten que enfrontarse con novas decisións e tratamentos. Neste marco dinámico e dinamizador, a ampliación de materias neste ano poderíanse agrupar, de forma esquemática, nos seguintes campos de actuación segundo os programas establecidos:

En canto a distribución por áreas temáticas cabe destacar que é a de asistencia sanitaria a que desenvolve un maior volume de actividade, segundo queda recollido na seguinte táboa:

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certific.	%
<b>Asistencia sanitaria</b>	165	49,25	2.109	46,98	3.385	49,43
<b>Comunicación e atención ao usuario</b>	24	7,16	372	8,29	506	7,39
<b>Administración, xestión e dirección das O.S.</b>	45	13,43	726	16,17	1.165	17,01
<b>Xestión do coñecemento na organización</b>	15	4,48	196	4,37	228	3,33
<b>Prevenición e promoción da saúde</b>	43	12,84	442	9,85	854	12,47
<b>Tecnoloxías</b>	43	12,84	644	14,35	710	10,37
<b>Total</b>	335	100,00	4.489	100,00	6.848	100,00

O desglose das actividades de formación impartidas neste programa recóllese, a modo informativo, na seguinte listaxe que quere ser un fiel reflexo dos focos de interese para os profesionais e a súa actualización e modernización:

## 1. ASISTENCIA SANITARIA

### Título

Atención inicial ao paciente politraumatizado  
 Coidados paliativos e acompañamento en procesos terminais  
 Obradoiro de diabetes para enfermaría  
 Vendaxe funcional  
 Actuación do celador no quirófano  
 O celador nos servizos de traumatoloxía e rehabilitación  
 Indución miofascial  
 Obradoiro de nutrición e cociña dietética  
 Cirurxía menor avanzada  
 Cirurxía menor en atención primaria  
 Actuación do celador co enfermo psiquiátrico  
 Actuación do profesional sanitario ante un caso de malos tratos  
 Reanimación cardiopulmonar avanzada neonatal e pediátrica  
 Soporte vital básico  
 Soporte vital cardiovascular avanzado  
 Electrocardiografía para enfermaría  
 Coidados de enfermaría no paciente sometido a ventilación mecánica  
 Fisioterapia respiratoria  
 Coidados de enfermaría ao paciente oncolóxico  
 Obradoiro de ostomías  
 Coidados de enfermaría en pacientes con enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (epoc)  
 Atención domiciliaria en atención primaria  
 Básico de fomento e consello da lactación materna  
 Atención aos pacientes inmigrantes  
 Clasificación de prioridades en urxencias hospitalarias: sistema manchester de triaxe  
 Electroterapia na clínica diaria do fisioterapeuta  
 Mobilización do paciente en atención especializada  
 Anticoncepción en atención primaria  
 Obradoiro de técnicas de rehabilitación do solo pélvico  
 Psicoxeriatría: programas de avaliación cognitiva en poboación maior  
 A contención mecánica  
 A exploración músculo-esquelética. Técnicas de inmovilización e vendaxes  
 Actualización en espirometrías e manexo de inhaladores



Administración de medicacións críticas nas ucis  
Alergolóxía práctica para enfermaría  
Alimentación e nutrición clínica para enfermaría  
Anatomía palpatoria na consulta de fisioterapia  
Atención ao paciente psiquiátrico nas unidades de hospitalización  
Coidados auxiliares nos pacientes de unidades especiais  
Control da dor e inflamación na infección odontóxena  
Dermatoloxía en atención primaria e tele dermatoloxía  
Manexo de arritmias en atención primaria  
Manexo dos traumatismos dentais  
Mobilización do paciente traumatolóxico  
O celador nas unidades especiais  
Actuación ante unha situación de urxencias e emerxencias  
Obesidade e trastornos da alimentación  
Radioloxía pediátrica  
Obradoiro de inmovilizacións básicas en traumatoloxía infantil  
Obradoiro sobre o manexo da patoloxía respiratoria crónica: enfermidade pulmonar obstrutiva crónica e asma  
Técnica e utilidade do doppler vascular en atención primaria  
Modelos de práctica en terapia ocupacional  
Tratamento de feridas

## **2. PREVENCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE**

### **Título**

Formación para manipulación de alimentos de alto risco (nivel 1)  
Formación para manipulación de alimentos de alto risco (nivel 2)  
Violencia no lugar de traballo, estratexias de prevención  
Riscos laborais en hostalaría  
Riscos laborais nas áreas de mantemento  
Actualización en vacinas  
Danos á saúde de orixe laboral e protección da maternidade  
Riscos laborais nas áreas administrativas  
Xestión de residuos sanitarios  
Prevención dos riscos laborais derivados da exposición a fármacos citostáticos. Manipulación de citostáticos  
Infección nosocomial  
Riscos laborais en centros de atención primaria  
Riscos laborais nas áreas de hospitalización  
Illamento de pacientes  
Prevención de trastornos musculoesqueléticos de orixe laboral (tme)

Protección radiolóxica no medio hospitalario  
 Limpeza, desinfección e esterilización de materiais  
 Seguridade na conducción  
 Prevención da infección VIH no persoal de enfermaría e educación para a saúde ao paciente con VIH/sida

### 3. COMUNICACIÓN E ATENCIÓN AO USUARIO

#### Título

Comunicación e atención ao usuario  
 Comunicación e traballo nun equipo multidisciplinar  
 Habilidades sociais para a calidade na atención ao usuario: o enfermo e os seus familiares  
 Calidade na atención telefónica  
 Entrevista motivacional  
 Entrevista e atención ao paciente difícil e agresivo  
 O informe social

### 4. ADMINISTRACIÓN, XESTIÓN E DIRECCIÓN DAS ORGANIZACIÓNS

#### Título

A atención ás persoas con dependencia: lei de dependencia  
 Organización dos arquivos de oficina  
 Réxime xurídico do persoal estatutario  
 Dereitos e deberes dos cidadáns en materia sanitaria: o estatuto do paciente  
 Dereitos e deberes dos profesionais sanitarios: o estatuto do paciente.  
 Técnicas de manexo e conducción de enseres dun traslado sanitario  
 Comunicación escrita e elaboración de informes  
 Aspectos ético-legais relacionados co traballo social  
 Procedemento administrativo  
 Estatuto básico do empregado público  
 Básico de calidade  
 Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (LOPD): fundamentos e boas prácticas

### 5. TECNOLOXÍAS

#### Título


Actualización da calidade de mostras de laboratorio  
 A imaxe radiolóxica dixital  
 Actuación da lavandaría na hixienización do téxtil hospitalario

Mantemento hospitalario  
Instalacións eléctricas en baixa tensión  
Mantemento de instalacións de climatización  
Mantemento de instalacións de climatización  
Producción industrial en cociñas hospitalarias  
Resistencia bacteriana asociada ao uso de antibióticos  
Citología diagnóstica e citología xinecolóxica  
A calidade do procedemento diagnóstico mediante tac  
Formación aplicada ás técnicas: hematoloxía, coagulación e fórmulas leucocitarias  
Técnicas especiais en radiodiagnóstico  
Mantemento de instalacións de esterilización  
Novas técnicas de investigación traslacional en patoloxía  
Obradoiro de citoloxías

## 6. XESTIÓN DO COÑECEMENTO NA ORGANIZACIÓN

### Título

Elaboración e publicación de artigos científicos  
A ética do coidado  
Planificación de coidados de enfermaría. Diagnósticos e intervencións (nanda, nic, noc)  
Metodoloxía da investigación científica  
Lectura crítica de artigos científicos  
Busca da información científica en bases de datos bibliográficas (nivel básico)



### 2.2.1.2. Resumo de actividade AFCAP xeográfica e por centros

Como queda reflectido nas seguintes táboas, o Plan AFCAP está totalmente descentralizado impartíndose as distintas actividades de formación nos propios centros de traballo.

Distribución de actividades AFCAP por localidade.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%
<b>A Coruña</b>	55	16,42	720	16,04
<b>Burela</b>	12	3,58	130	2,90
<b>Cee</b>	5	1,49	50	1,11
<b>Ferrol</b>	26	7,76	342	7,62
<b>Lugo</b>	35	10,45	462	10,29
<b>Monforte de Lemos</b>	5	1,49	92	2,05
<b>O Barco de Valdeorras</b>	10	2,99	95	2,12
<b>Ourense</b>	36	10,75	524	11,67
<b>Pontevedra</b>	25	7,46	472	10,51
<b>Ribeira</b>	6	1,79	70	1,56
<b>Santiago de Compostela</b>	60	17,91	774	17,24
<b>Verín</b>	3	0,90	52	1,16
<b>Vigo</b>	50	14,93	628	13,99
<b>Vilagarcía de Arousa</b>	7	2,09	78	1,74
<b>Outros</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Total</b>	335	100,00	4.489	100,00



Distribución de actividades AFCAP por centro.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%
Centralizados para toda a comunidade	42	12,54	240	5,35
<b>A Coruña</b>				
Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	28	8,36	280	6,24
Xerencia de Atención Primaria da Coruña	0	0,00	0	0,00
Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	32	9,55	385	8,58
Xerencia de Atención Primaria de Santiago	0	0,00	0	0,00
Complexo Hospit. Arquitecto Marcide - Novoa Santos	3	0,90	19	0,42
Área sanitaria de Ferrol	15	4,48	142	3,16
<b>Lugo</b>				
Complexo Hospitalario Xeral-Calde	2	0,60	20	0,45
Xerencia de Atención Primaria de Lugo	6	1,79	60	1,34
Hospital da Costa	16	4,78	248	5,52
Hospital Comarcal de Monforte	8	2,39	120	2,67
<b>Ourense</b>				
Complexo Hospitalario de Ourense	28	8,36	362	8,06
Hospital Comarcal de Valdeorras	12	3,58	90	2,00
Xerencia de Atención Primaria de Ourense	0	0,00	0	0,00
<b>Pontevedra</b>				
Complexo Hospitalario de Pontevedra	14	4,18	180	4,01
Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra	0	0,00	0	0,00
Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	12	3,58	132	2,94
Xerencia de Atención Primaria de Vigo	12	3,58		0,00
<b>Outros</b>	105	31,34	2.211	49,25
<b>Total</b>	335	100,00	4.489	100,00



### 2.2.1.3. Resumo de actividade AFCAP por meses

Un dos aspectos cualitativos en que se incidiu foi o da **planificación temporal**, e dicir, a distribución das actividades no maior número de meses factible, de xeito que o calendario formativo acadase os principios de racionalidade e eficacia.

Distribución de actividades AFCAP por meses.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%
<b>Xaneiro</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Febreiro</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Marzo</b>	38	11,34	390	8,69
<b>Abril</b>	62	18,51	780	17,38
<b>Maio</b>	57	17,01	790	17,60
<b>Xuño</b>	55	16,42	712	15,86
<b>Xullo</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Agosto</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Setembro</b>	38	11,34	590	13,14
<b>Outubro</b>	46	13,73	672	14,97
<b>Novembro</b>	39	11,64	555	12,36
<b>Decembro</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Total</b>	335	100,00	4.489	100,00

Tendo en conta as dúas fases anuais de convocatoria e inscrición (febreiro e xuño) e aos períodos vacacionais, a táboa reflicte unha uniformidade mensual na oferta formativa, o que permite os destinatarios unha mellor opción de flexibilidade, xa que integran un sector profesional con peculiaridades de dispoñibilidade.

Desde a perspectiva organizativa, a uniformidade amosa un uso racional dos medios tanto materiais como persoais.

### 2.2.2. PLAN ESTRATÉXICO DE FORMACIÓN PEF

Nel desenvólense todas as actividades docentes incluídas dentro do Plan Estratéxico de Formación (PEF) dos traballadores e traballadoras ao servizo da sanidade pública galega.

#### 2.2.2.1. Resumo de actividade PEF

A execución do Plan PEF para o ano 2010 supuxo o desenvolvemento de 296 actividades que abrangueron un total de 3.967 horas lectivas.

## > Distribución por áreas temáticas

Neste plan estratéxico, e sen ter en conta as diferentes edicións que se poidan realizar para cada curso, a distribución de actividades de formación, horas e certificados nas distintas áreas temáticas quedan reflectidas na seguinte táboa:

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certific.	%	Actividades PEF por áreas temáticas.
<b>Asistencia sanitaria</b>	34	11,49	520	13,11	888	15,85	
<b>Comunicación e atención ao usuario</b>	9	3,04	270	6,81	142	2,54	
<b>Administración, xestión e dirección das O.S.</b>	64	21,62	1.210	30,50	1.185	21,16	
<b>Xestión do coñecemento na organización</b>	36	12,16	645	16,26	382	6,82	
<b>Prevenición e promoción da saúde</b>	100	33,78	782	19,71	2.042	36,46	
<b>Tecnoloxías</b>	53	17,91	540	13,61	962	17,18	
<b>Total</b>	296	100,00	3.967	100,00	5.601	100,00	

Nos datos porcentuais, en canto a actividades realizadas durante o ano, se observa unha uniformidade nas distintas áreas que se axusta ao obxectivo do PEF.

O desglose das actividades de formación impartidas neste plan recóllese, a modo informativo, na seguinte listaxe:

### 1. ASISTENCIA SANITARIA

#### Título

- .Formador de formadores: simman 3g
- .Institucionalización temperá e efectos en saúde mental
- .Os primeiros anos da psicose
- .Psicoterapias breves na primeira infancia
- .Saúde física no trastorno mental severo
- .Abordaxe sociosanitario do paciente crónico
- .Identificación e manexo do paciente con patoloxía dual
- .Xornada sobre a incorporación social en drogodependencias
- .Manexo dos trastornos psiquiátricos e por uso de substancias comúns na atención primaria
- .Aproximación as psicoses con inicio na infancia e na adolescencia
- .Aspectos clínicos e médico-legais na atención a trastornos psiquiátricos e por uso de substancias nos servizos de urxencias
- .A atención sociosanitaria. Usuarios e necesidades. Políticas de atención no contexto europeo. Mecanismos de coordinación.
- .Actualización en terapia cognitivo-condutual

- .Uso racional de antipsicóticos e eutimizantes na práctica clínica
- .Trastorno por hiperactividade e déficit de atención ao longo da vida
- .Prestación farmacéutica, atención farmacéutica e receita electrónica nas oficinas de farmacia
- .Formación vinculacións temporais farmacéuticos de atención primaria
- .Actualización en farmacovixilancia
- .Primeiros auxilios
- .Lactación materna para profesionais
- .Curso de electrocardiografía
- .Dermatoscopia
- .Teleretinografía
- .Circuitos asistenciais rápidos e a súa integración nos procesos asistenciais de cancro
- .Seguimento e control do embarazo normal, parto e puerperio
- .Atención ao paciente con fibromialxia
- .Actualización da actividade dos hixienistas dentais nas unidades de usbd
- .Actualización en detección do cancro de cérvix
- .Obradoiro de ecografías
- .Xestión integrada das demencias
- .Xestión integrada da insuficiencia cardíaca
- .Procedementos teórico-prácticos nun banco de sangue de cordón umbilical

## 2. PREVENCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE

### Título

- .Incapacidade temporal: xestión e control
- .Básico de prevención de riscos laborais en centros sanitarios
- .Obradoiro de formación de formadores sobre os 5 momentos para a hixiene de mans
- .Prevención de trastornos musculoesqueléticos
- .I xornada de formación continuada para orl do programa galego de detección da hipoacusia en período neonatal
- .II xornada de formación continuada para orl do programa galego de detección da hipoacusia en período neonatal
- .Obradoiro de avaliación das unidades de cribado do programa galego de detección da hipoacusia en período neonatal (pgdxpn)
- .Prevención da infección vih no persoal de enfermaría e educación para a saúde ao paciente con vih/sida
- .XIII xornada centralizada de formación continuada en vacinas
- .Hixiene de mans na atención sanitaria
- .Actividade física e saúde
- .Formación continuada en prevención e incorporación social
- .Información do risco químico. Risco intrínseco, reactividade e ficha de datos de seguridade.
- .Formación continuada en prevención e incorporación social



- .Seguridade industrial en institucións sanitarias
- .XIII xornada provincial de actualización en vacinas
- .Xornada da auga minero medicinal
- .Habilidades para a intervención sobre cuidadores/as de enfermos crónicos
- .Actualizacións sobre a infección polo VIH/sida e a tuberculose. A importancia da prevención e detección precoz
- .Lexionella, obradoiro de coordinación de brotes
- .Actualizacións sobre a infección polo VIH/sida e a tuberculose. A importancia da prevención e detección precoz
- .Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- .Principios en prevención de riscos laborais
- .Básico de prevención de riscos laborais para mandos intermedios
- .Principios en prevención de riscos laborais

### 3. COMUNICACIÓN E ATENCIÓN AO USUARIO

#### Título

- .Formación en counselling dentro do programa de fomento de diagnóstico precoz
- .Adestramento en counselling para persoal socio-sanitario, partindo do problema VIH/sida e tuberculose
- .Medio de linguaxe administrativa galega
- .Avanzado sobre a técnica da entrevista motivacional
- .Atención telefónica á cidadanía
- .Comunicación e atención ao usuario

### 4. ADMINISTRACIÓN, XESTIÓN E DIRECCIÓN DAS ORGANIZACIÓNS SANITARIAS

#### Título

- .Xornada de traballo "cobertura de servizos públicos, convenios, subvencións e contratos".
- .Básico de calidade
- .Procedementos de contratación
- .Diplomado en saúde pública (titores de traballo)
- .Básico de calidade
- .Xornadas de formación de liderato para xerentes
- .Adestramento na mamografía de cribado e control de calidade
- .Xornada anual de coordinación do programa galego de detección precoz do cancro de mama
- .I xornada de formación continuada de radiólogos do programa galego de detección precoz do cancro de mama
- .II xornada de formación continuada de radiólogos do programa galego de detección precoz do cancro de mama
- .Diplomado en saúde pública 2010
- .Lexislación farmacéutica

.Sistema de negociación con provedores  
 .Xestións de almacéns de planta ou periféricos  
 .Xestión de depósitos. Obradoiro práctico  
 .Avanzado de calidade no marco das normas iso 9001:2008  
 .Avanzado de calidade no marco das normas iso 9001:2008  
 .Curso de auditores internos de sistemas de xestión da calidade  
 .Sistema de seguimento e medición segundo a norma iso 9001:2008  
 .Clasificación de produtos sanitarios, implantables e de diagnóstico in vitro  
 .Actualización en toda a operativa interna da catalogación central  
 .Normativa europea sobre comercialización de produtos sanitarios  
 .Básico de xestión de materiais: compras e subministracións no entorno sanitario  
 .Xestión de servizos xerais  
 .Aplicativo informático de catálogo: en unix e web.  
 .Avanzado de inspección de produtos químicos  
 .Reach  
 .Procedementos de xestión do gasto e a súa natureza económica  
 .Normativa de incapacidade temporal e incapacidade permanente  
 .Normativa de incapacidade temporal e permanente  
 .Procedemento disciplinario  
 .Instrucións de expedientes de responsabilidade patrimonial  
 .Procedementos de inspección en saúde pública  
 .Iniciación á formación de auditores internos dos sistemas de calidade dos servizos de inspección de saúde pública  
 .Obradoiro para auditores internos dos sistemas de calidade dos servizos de inspección de saúde pública  
 .Auditoria dos prerrequisitos do sistema appcc  
 .A información europea na rede  
 .Avanzado de protección de datos  
 .Xestión por procesos  
 .Xestión da calidade nos servizos sanitarios  
 .Xestión de riscos e seguridade do paciente  
 .Ferramentas para a xestión de riscos e seguridade do paciente  
 .Satisfacción de pacientes  
 .Xestión de procesos asistenciais integrados  
 .Formación de formadores do sistema manchester de triaxe  
 .Características da concertación da asistencia sanitaria e da prestación ortoprotésica  
 .Obradoiro de calidade en coidados paliativos  
 .Procedementos de inspección en saúde pública  
 .Xestión económica e orzamentaria  
 .Procedementos de inspección en saúde pública  
 .Ferramentas para a xestión da calidade  
 .Básico de calidade

## 5. TECNOLOXÍAS

### Título

- .Xestión de artigos: enfoque do aplicativo do servizo galego de saúde
- .Formación continuada para auxiliares informáticos e auxiliares administrativos do programa galego de detección precoz do cancro de mama (pgdpcm)
- .Formación continuada dos ter do programa galego de detección precoz do cancro de mama (pgdpcm)
- .Obradoiro sobre o impacto do pgdpcm na mortalidade das mulleres con cancro de mama en Galicia
- .Tarxeta sanitaria. Nivel básico
- .Tarxeta sanitaria. Nivel avanzado. Integración con outros sistemas
- .Xornada informativa: tarxeta sanitaria electrónica. Acreditación dos profesionais no acceso a ianus, a receita electrónica e outros sistemas de información
- .Xestión de artigos: enfoque do aplicativo do servizo galego de saúde
- .Xestión de compras dende o aplicativo do sergas obradoiro práctico
- .Xestión de concursos no aplicativo de compras e interacción con outras aplicacións. Obradoiro práctico
- .Aprovisionamento nas unidades de consumo (web). Obradoiro práctico sobre sumap
- .Xestión das unidades de consumo. Modalidades de xestión de materiais.Pactos. Obradoiro práctico.
- .Sistema electrónico de transmisión de datos. Códigos ean/gs1. Obradoiro práctico
- .Catálogo de produtos e provedores do servizo galego de saúde.
- .Catálogo de produtos e provedores do servizo galego saúde. Obradoiro práctico
- .Aplicativo de contratación administrativa cadmo
- .Coñecemento ferramentas ofimáticas: excel e outras
- .Obradoiro de xestión dos sistemas de información en sanidade ambiental (sinac e náyade)
- .Náyade. Xornadas de formación para concellos
- .Redes wifi, wimax, rfid e a súa aplicación a dispositivos de mobilidade
- .Arquitecturas orientadas a servizos (soa) e plataforma j2ee
- .Arquitectura técnica dos sistemas de información nos entornos críticos do servizo galego de saúde
- .Imaxe dixital
- .Disponibilidade e rendemento nas aplicacións informáticas
- .Xestión de proxectos informáticos: pmi
- .Integración e xestión de procesos de negocio utilizando ferramentas bpm
- .Tecnoloxías da información e comunicación en desenvolvementos e investigacións sanitarias
- .Web social 2.0 Aplicada a ciencias da saúde
- .Acreditación do coñecemento da ferramenta de historia clínica electrónica (ianus).
- .Básico de correo electrónico
- .Básico de word
- .Básico de excel

## 6. XESTIÓN DO COÑECEMENTO NA ORGANIZACIÓN

### Título


- .Iv xornada autonómica de formación sanitaria especializada e pleno de redega
- .Marketing da formación
- .Encontro de escolas de formación sanitaria
- .Avanzado de análise da normativa en materia de recursos humanos
- .Obradoiro grade para avaliación da calidade da evidencia e a graduación da forza das recomendacións en guías de práctica clínica
- .Questionarios sobre a calidade de vida: emprego na clínica e na avaliación de tecnoloxías sanitarias
- .Obradoiro de metaanálise
- .Técnicas de formación e información para a prevención de riscos laborais.
- .Traballo en equipo
- .Desenvolvemento e avaliación das ferramentas de axuda para a toma de decisións.
- .Lectura crítica de estudos observacionais
- .Escritura e publicación científica para profesionais sanitarios.
- .Busca de información científica en bases de datos bibliográficos: nivel básico
- .Xestores bibliográficos: endnote e endnote web
- .Indicadores da calidade de prescrición en atención primaria
- .Codificación clínica coa cie-9-mc 7ª edición
- .Proxectos europeos de investigación. Preparación de propostas
- .Deseño e realización de ensaios clínicos.
- .Creatividade e innovación aberta no sector saúde
- .Transferencia, protección e valorización dos resultados da investigación sanitaria
- .Emprendimento ¿como crear unha empresa de base tecnolóxica (spin-off)?.
- .Recursos de información aplicados á investigación
- .Formación continuada en bibliotecas sanitarias
- .Metadatos para os sistemas de información dixital
- .E-books e buscadores de imaxes
- .Metodoloxía docente e avaliativa para títulos de formación especializada
- .Actualización dos coidados de enfermaría en urxencias prehospitalarias pediátricas
- .Actualización terapéutica en urxencias prehospitalarias de pediatría
- .Presentación dun proxecto de investigación a unha axencia financiadora. Dificultades e suxestións
- .Actualización en odontoloxía e endodoncias nas usbd. Práctica baseada na mellor evidencia científica
- .Manexo e optimización dos instrumentos de apoio na toma de decisións en atención primaria
- .Prescrición razonada de medicamentos: técnica e ética

### 2.2.2.2. Resumo de actividade PEF xeográfica e por centros

Resulta destacable a maior centralización das actividades formativas deste plan, con respecto ao programa AFCAP, sustentada nas características diferenciadoras do mesmo, tanto en obxectivos como en destinatarios da formación.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%
A Coruña	14	4,73	175	4,41
Burela	2	0,68	6	0,15
Cee	0	0,00	0	0,00
Ferrol	6	2,03	105	2,65
Lugo	10	3,38	120	3,02
Monforte de Lemos	2	0,68	16	0,40
O Barco de Valdeorras	2	0,68	4	0,10
Ourense	15	5,07	186	4,69
Pontevedra	12	4,05	122	3,08
Ribeira	0	0,00	0	0,00
Santiago de Compostela	209	70,61	2.929	73,83
Verín	0	0,00	0	0,00
Vigo	21	7,09	282	7,11
Vilagarcía de Arousa	2	0,68	14	0,35
Outros	1	0,34	8	0,20
<b>Total</b>	<b>296</b>	<b>100,00</b>	<b>3.967</b>	<b>100,00</b>

Distribución de actividades PEF por localidade.



Distribución de actividades PEF por centro.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%
<b>Centralizados para toda a comunidade</b>	98	33,11	1.886	47,54
<b>A Coruña</b>				
Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	6	2,03	42	1,06
Xerencia de Atención Primaria da Coruña	1	0,34	2	0,05
Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	8	2,70	60	1,51
Xerencia de Atención Primaria de Santiago	0	0,00	0	0,00
Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Novoa Santos	12	4,05	26	0,66
Área sanitaria de Ferrol	6	2,03	40	1,01
<b>Lugo</b>				
Complexo Hospitalario Xeral-Calde	6	2,03	32	0,81
Xerencia de Atención Primaria de Lugo	4	1,35	58	1,46
Hospital da Costa	3	1,01	8	0,20
Hospital Comarcal de Monforte	3	1,01	29	0,73
<b>Ourense</b>				
Complexo Hospitalario de Ourense	9	3,04	120	3,02
Hospital Comarcal de Valdeorras	2	0,68	8	0,20
Xerencia de Atención Primaria de Ourense	0	0,00	0	0,00
<b>Pontevedra</b>				
Complexo Hospitalario de Pontevedra	4	1,35	18	0,45
Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra	2	0,68	80	2,02
Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	8	2,70	70	1,76
Xerencia de Atención Primaria de Vigo	6	2,03	90	2,27
<b>Outros</b>	118	39,86	1.398	35,24
<b>Total</b>	296	100,00	3.967	100,00

### 2.2.2.3. Resumo de actividade PEF por meses

Excluindo os meses de verán, non hai un movemento significativo na estrutura temporal da planificación das actividades PEF en canto ao número.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%
Xaneiro	0	0,00	0	0,00
Febreiro	6	2,03	320	8,07
Marzo	40	13,51	512	12,91
Abril	50	16,89	664	16,74
Maio	42	14,19	356	8,97
Xuño	26	8,78	418	10,54
Xullo	2	0,68	10	0,25
Agosto	0	0,00	0	0,00
Setembro	31	10,47	567	14,29
Outubro	51	17,23	478	12,05
Novembro	45	15,20	612	15,43
Decembro	3	1,01	30	0,76
<b>Total</b>	<b>296</b>	<b>100,00</b>	<b>3.967</b>	<b>100,00</b>

Distribución de actividades PEF por meses.

## 2.3. FORMACIÓN DE CAPACITACIÓN

Desde a Escola entendemos por formación de capacitación, unha formación que permita adquirir competencia profesional nun área de coñecemento ou de investigación. Polo tanto, as actividades que formen parte deste tipo de formación, serán as que habiliten en competencias profesionais innovadoras, obrigando a promover unha formación destinada ao beneficio dos cidadáns e das organizacións sanitarias.

Necesariamente incluirán no seu deseño curricular: relatorios teóricos e prácticos, traballo individual, traballo en grupo, titorías individuais e proxectos de fin de estudos.

### 2.3.1. DIPLOMADO EN SAÚDE PÚBLICA

Este ano 2010 celebrouse a **13ª edición** do curso de Diplomado en Saúde Pública.

#### **Obxectivo xeral:**

Achegar aos profesionais sanitarios de Galicia ás diversas disciplinas da saúde pública e ás técnicas necesarias para a detección, interpretación, control e avaliación dos problemas de saúde da poboación.

#### **Obxetivos específicos:**

- Avaliar e analizar a repercusión dos problemas de saúde da comunidade de Galicia.
- Adquirir unha visión global dos problemas de saúde da comunidade de Galicia.
- Coñecer a evolución do concepto de saúde e as actuais tendencias da demanda e a resposta organizada ante a mesma.
- Comprender os determinantes da saúde no traballo dos distintos profesionais sanitarios.
- Valorar a repercusión dos problemas de saúde e valorar aqueles aspectos dos mesmos que dependan do sistema sanitario.
- Promover a integración científico-técnica dos distintos profesionais que coexisten no sistema de saúde.
- Coñecer a organización da asistencia sanitaria de Galicia e a súa resposta aos determinantes de saúde.
- Coñecer as estratexias e os programas desenvolvidos pola Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación e a súa resposta aos determinantes de saúde.
- Coñecer e analizar as fontes da información que permite valorar os problemas de saúde e a influencia que teñen os distintos servizos sanitarios na orixe de dita información.
- Coñecer e aplicar as principios técnicas para estudar e avaliar os problemas de saúde.
- Identificar os grupos de poboación máis afectados por determinados problemas de saúde.

O curso tivo unha duración de 275 horas acreditadas, das que 200 serán de carácter presencial e 75 corresponden á elaboración e exposición dun traballo práctico, sobre casos e problemas próximos ao ámbito profesional e ao entorno dos alumnos.



## > Contido. Módulos

### . Módulos

O curso terá unha duración de 275 horas agrupadas en 6 módulos temáticos (200 horas) e un módulo práctico (75 horas).

### . Módulo I - Introducción á saúde pública.

- Definición de saúde pública.
- Funcións da saúde pública.
- Organización e servizos da saúde pública: marco legislativo.
- Carteira de servizos en saúde pública.
- Competencias profesionais en saúde pública.
- Os determinante da saúde e principais problemas en saúde pública.
- Xestión e avaliación de intervencións en saúde pública.

### . Módulo II - Metodoloxía en Saúde Pública: demografía, estatística e epidemioloxía.

- Demografía.
- Estatística.
- Método epidemiolóxico.

Coordinador: Javier Cereijo Fernández

Horas lectivas: 40

### . Módulo III - Vixilancia de Saude Pública e respostas a alertas e emerxencias.

- Sistemas de información sanitaria: enquisas, rexistros, ...
- Diagnóstico de saúde da poboación e planificación sanitaria.
- Sistemas de vixilancia epidemiolóxica dos risco para a saúde.
- Protocolos de resposta ante alertas e emerxencias en saúde pública.
- Problemas emerxentes de saúde pública. Enfermidades tropicais.
- Comunicación de riscos en saúde pública.

Coordinadora: Ánxela Pousa Ortega

Horas lectivas: 30

### . Módulo IV - investigación e comunicación científica.

- Fundamentos da investigación científica.
- Busca bibliográfica, acceso á información científica e lectura crítica.
- Métodos e técnicas da investigación en saúde pública.
- Deseño da proposta de traballo final.
- Comunicación científica.

Coordinadora: Teresa Queiro Verdes

Horas lectivas: 20

. Módulo V - Protección da saúde.

- Análises de risco: avaliación, xestión e comunicación.
- Saúde medioambiental.
- Seguridade alimentaria.
- Saúde laboral.

Coordinador: Ángel Gómez Amorín

Horas lectivas: 45

. Módulo VI - promoción da saúde e prevención da enfermidade.

- Promoción de hábitos de vida e saúde.
- Actividades preventivas.
- Programas de vacinación.
- Nutrición e saúde.
- Lesións e accidentes.
- Drogodependencias.
- Infeccións de transmisión sexual e embarazos non desexados.
- Outros programas de prevención específicos de cada CCAA.

Coordinador: Xosé Antonio Taboada Rodríguez

Horas lectivas: 45

MÓDULO VII - Traballo de campo.

Elaboración e exposición dun traballo práctico sobre casos e problemas próximos ao ámbito profesional e ao entorno dos alumnos.

Equivalente a: 75 horas lectivas

Características:

Autores: Os traballos presentaranse de forma individual ou en parella. Grupos de máis de dúas persoas só se admitirán en circunstancias excepcionais.

Tema: Os temas poderán ser elixidos polos propios alumnos ou propostos pola Dirección Docente, ao longo da parte teórica do curso.

Proxecto: O proxecto do traballo elixido deberá ser presentado aos directores do curso, ata o venres 30 de abril de 2010. Deberá enviarse por correo electrónico en formato Word ou PDF. Este deberá incluír os distintos apartados que se empregan para realizar un traballo de investigación (ver páxinas 26 a 29). Ademais, deberán propor un titor á Dirección Docente do curso para a súa aceptación ou solicitar que se lles asigne un.

Antes do 28 de maio de 2010 a Dirección comunicará aos alumnos a aceptación do traballo e da titoría ou solicitará as modificacións oportunas.

Titores: Os titores deberán orientar o traballo en cada unha das súas fases e emitir un informe ao final do mesmo.

Entrega: Os alumnos terán un prazo de catro meses para a execución do traballo, que terá unha estrutura similar á requirida polas revistas científicas da área de saúde pública e atención primaria (ver anexo I), e avaliarase como se indica máis adiante. O traballo deberá entregarse antes de que remate o venres 24 de setembro de 2010, e deberá enviarse por correo electrónico en formato Word ou PDF aos directores do curso.

Exposición: Os alumnos deberán expoñer e defender en público o traballo realizado, diante do Tribunal de Avaliación o 29 de outubro de 2010. No caso de que o traballo se fixese en grupos, o alumno responsable da exposición poderá ser informado polo Tribunal no momento de realizar a presentación do mesmo. A exposición será avaliada como se indica máis adiante.

## 2.4. TELEFORMACIÓN

A formación e a actualización de coñecementos dos profesionais sanitarios configúrase como imprescindible para conseguir os obxectivos permanentes de eficiencia, equidade e modernización dos sistemas sanitarios. Hoxe en día esta necesidade faise máis imperiosa dada a rápida evolución dos procedementos, a constante innovación, mellora das tecnoloxías e a evolución das demandas sociais.

Baixo este marco, a utilización de novas modalidades de ensino, a potenciación do acceso á información por medio das tecnoloxías, a xeración de contidos formativos, e en definitiva, o novo enfoque da formación cara á optimización das actividades ofrecidas aos traballadores e traballadoras do sistema público de saúde de Galicia, lévase a cabo na E-aula virtual, encargada de xerar e xestionar esta formación e coñecemento.



A teleformación preséntase como unha alternativa didáctica e pedagóxica na que destacan, entre outras, as seguintes características:

- Grande flexibilidade de tempo por parte do profesional.
- Non desvincula as persoas do seu ámbito laboral ou familiar.
- Enriquece a aprendizaxe coa convivencia electrónica de compañeiros situados en espazos físicos diferentes.
- Permiten o desenvolvemento dun pensamento creativo e construtivo.
- Presentan o material estruturado segundo as necesidades dos participantes.

Tendo isto en conta, a Escola quere desenvolver unha maior actividade en teleformación, xerando novos materiais formativos coa colaboración de distintos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia. Froito desta aposta, a Escola conta con materiais coma os seguintes:

#### -Introdución á urxencia pediátrica. O neno como doente

Obxectivo xeral:

As incorporacions de profesionais específicos aos dispositivos de Urxencias Extrahospitalarias da Comunidade fan prioritaria a formación e actualización dos profesionais na identificación dos signos de gravidade, nos cuidados e no tratamento da patoloxía urxente e prevalente na poboación infantil. O obxectivo do curso e capacitar ao persoal de enfermaría para unha correcta asistencia inicial aos nenos que acoden aos puntos de atención urxente e a colaboración axeitada e integración dentro do equipo de asistencia e transporte.

**FEGAS**  
Escola Galega de Administración Sanitaria

### Urgencias Extrahospitalarias en Pediatría

Si, es por eso que estoy otra vez aquí. Desde entonces Andrés se ha ido poniendo peor. Empezó con un poco de fiebre, pero ahora la fiebre ha subido más y no consigo que se le baje. Además ha vomitado varias veces y no tiene apetito. Estoy muy preocupada por él.

Recepción +

¿EN QUÉ SE DIFERENCIAN LOS NIÑOS? · EL NIÑO COMO PACIENTE >> PRESENTACIÓN 2 de 9

glosario enlaces bibliografía progreso

#### MÓDULO I - AVALIACIÓN DO NENO

- Unidade Didáctica 1: introdución á urxencia pediátrica. O neno como doente.
- Unidade Didáctica 2: valoración pediátrica.
- Unidade Didáctica 3: avaliación grupal. Casos clínicos.

#### MÓDULO II - O NENO GRAVE

- Unidade Didáctica 4: neno gravemente enfermo.
- Unidade Didáctica 5: soporte vital básico e avanzado en pediatría. Recomendacións actuais.

#### MÓDULO III - TRAUMA. SHOCK. TRIAXE

- Unidade Didáctica 6: soporte vital avanzado no trauma a nivel prehospitalario. Triaxe.
- Unidade Didáctica 7: escenarios.

#### MÓDULO IV - AVALIACIÓN LIMITANTE

- Unidade Didáctica 8: avaliación limitante.

#### MÓDULO V - CUIDADOS DE ENFERMARÍA EN PATOLOXÍA COMÚN

- Unidade Didáctica 9: febre, asistencia e monitorización dos nenos con patoloxía respiratoria aguda.
- Unidade Didáctica 10: aspectos fundamentais da asistencia e monitorización dos nenos con patoloxía respiratoria aguda.
- Unidade Didáctica 11: miscelánea.

#### MÓDULO VI - MISCELÁNEA

- Unidade Didáctica 12: administración de fármacos e acceso vascular.
- Unidade Didáctica 13: farmacoloxía pediátrica.
- Unidade Didáctica 14: analgo-sedación.

#### MÓDULO VII - SITUACIÓNS ESPECIAIS

- Unidade Didáctica 15: nenos con necesidades especiais. Transporte pediátrico.
- Unidade Didáctica 16: abuso e abandono infantil.

#### AVALIACIÓN FINAL - AVALIACIÓN TEÓRICA FINAL

- Unidade Didáctica 17: avaliación teórica final.



**-Curso de Electrocardiografía**

Obxectivos:

Realizar correctamente un electrocardiograma.

Recoñecer un electrocardiograma normal.

Recoñecer e valorar un electrocardiograma patolóxico.

- Módulo 1: Anatomía e electrofisioloxía do corazón. O electrocardiograma normal.
- Módulo 2: Crecemento de cavidades e trastornos de condución intraventricular.
- Módulo 3: O electrocardiograma na cardiopatía isquémica: Isquemia, lesión e necrose.
- Módulo 4: Taquicardias: Diagnóstico electrocardiográfico.
- Módulo 5: Bradirrítmias y marcapasos.

**Esquema de tema**

**CURSO DE ELECTROCARDIOGRAFÍA**



 [Foro do curso](#)

 [Objetivos generales del curso](#)


### Planificación del curso

Módulo	Tutor/a	Desde	Hasta
Módulo 1: anatomía y electofisiología del corazón. El electrocardiograma normal	Natividad Crespo Carazo. D.U.E. Unidad de Arritmias. Hospital do Meixoeiro. CHUMI	19 outubro	26 outubro
Módulo 2: crecemento de cavidades y trastornos de condución intraventricular	Natividad Crespo Carazo. D.U.E. Unidad de Arritmias. Hospital do Meixoeiro. CHUMI	27 outubro	3 novembro
Módulo 3: el electrocardiograma en la cardiopatía isquémica: isquemia, lesión y necrosis.	Xesús Aberte Fernández López. F.E.A. Cardiólogo. Servicio de Cardiología - Unidad de Arritmias. CHUS	4 novembro	11 novembro
Módulo 4: taquicardias: Diagnóstico electrocardiográfico.	Óscar Díaz Castro. F.E.A. Cardiólogo. Servicio de Cardiología. Hospital Meixoeiro. CHUVI.	12 novembro	20 novembro
Módulo 5: bradiarritmias y marcapasos	Laura Amaiz Bertolaza. D.U.E. Unidad de Arritmias. Hospital do Meixoeiro. CHUVI.	21 novembro	29 novembro

## .Curso Teleretinografía

Objetivos xerais:

Capacitar ós profesionais na valoración e diagnóstico do fondo de olho para mellorar a capacidade resolutive de Atención Primaria, así como axectar as derivacións ó seguinte nivel asistencial.



**Esquema**

- Maculopatías
- Introducción
- Maculopatías
- Maculopatías (cont.)
- Maculopatías (cont.)
- Coriorretinopatía Central Serosa (CCS)
- Agujero Macular
- Estrías Angioides
- Miopías
- Miopías (cont.)
- Atrofia Macular
- Fin del capítulo

**Caso Clínico**

Pregunta 1 de 1

Mujer de 74 años, sin antecedentes médicos ni familiares de importancia, consulta por baja visión en ambos ojos. Refiere que su agudeza visual ha disminuido de forma marcada durante los últimos años. Su agudeza visual corregida era OD: 0,3 y T6 en OI: 0,2 y T6. La exploración del segmento anterior muestra esclerosis nuclear en el cristalino. Los hallazgos oftalmológicos se muestran en las siguientes imágenes.

Señala la afirmación incorrecta:

- La afectación es unilateral, manteniéndose la agudeza visual en ambos ojos.
- No se dispone de tratamiento, aunque la provisión de ayuda para la visión de cerca puede ser útil en muchos pacientes.
- La presentación es con una afectación de la visión gradual durante varios meses o años.
- La DMAE es mucho más prevalente entre los sujetos de raza blanca

ENVIAR

Contidos:

1. Introducción e exploración dos ollos. Retinografías
2. A retinopatía diabética
3. Detección, diagnóstico, pronóstico, prevención e tratamento
4. Outras afeccións do olho e o seu diagnóstico





**.CURSO: Dermatoscopia**

Obxectivos xerais:

Introducir a dermatoscopia como exploración complementaria das lesións cutáneas en Atención Primaria.

**MÓDULO 3: TAREA 2**

CUESTIÓN 1.- Teniendo en cuenta la Regla de los Tres Puntos ¿Cuáles de las siguientes 4 lesiones cutáneas le parecen asimétricas ( en cuanto a la distribución de colores y estructuras)?

1 <i>Imagen cedida por el Dr. Giuseppe Argenziano</i>	2
3 <i>Imagen cedida por el Dr. Eric Ehrsam</i>	4

- Módulo 1: Manifestacións clínicas das lesións cutáneas benignas e malignas máis frecuentes.
- Módulo 2: Dermatoscopia: introdución, instrumentos e técnica.
- Módulo 3: Dermatoscopia en atención primaria.

**Hixiene de Mans na Atención Sanitaria**

Información xeral do curso

A Escola Galega de Administración Sanitaria organiza o curso online de 'Hixiene de Mans na Atención Sanitaria', dentro do seu Plan Estratéxico de Formación para o ano 2010, promovido pola Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial do Servizo Galego de Saúde. Esta actividade formativa ten como obxectivos fundamentais a sensibilización e formación dos profesionais sobre a importancia de promover a Seguridade dos Pacientes, promovendo unha adecuada hixiene na práctica clínica coa fin de reducir os eventos adversos producidos como consecuencia das infeccións adquiridas no transcurso do proceso asistencial, así como difundir as directrices para a hixiene de mans no ámbito sanitario elaboradas pola Organización Mundial da Saúde.



Así, o curso inclúe toda a documentación actualizada da OMS publicada con motivo da campaña "SAVE LIVES: Clean your hands", do CDC e do MSPS. Ademais inclúese a enquisa da OMS de hixiene das mans para profesionais que os participantes deberán cumprimentar xunto coa de hábitos, antes de iniciar o curso e aos 6 meses do remate, para conseguir o certificado do curso.



Dentro deste plan a teleformación suporá no ano 2010 o 14.5% da actividade docente da Escola, o que supón un importante incremento con respecto ao ano 2009 en actividades planificadas, horas, solicitudes e alumnos admitidos como queda reflectido nas seguintes táboas.

	2008	2009	2010
<b>Actividades planificadas</b>	680	650	740
<b>% teleformación</b>	0,11	0,12	0,145
<b>Horas totais</b>	1.136	9.823	10.322
<b>% teleformación</b>	0,12	0,24	0,145

Teleformación por áreas temáticas

Áreas Temáticas	Nº actividades	Nº horas
<b>Asistencia sanitaria</b>	3	66
<b>Comunicación e atención ao usuario</b>	0	0
<b>Administración, xestión e dirección das OS</b>	15	295
<b>Xestión do coñecemento na organización</b>	24	468
<b>Prevenición e promoción da saúde</b>	56	505
<b>Tecnoloxías</b>	9	164
<b>Total actividade</b>	107	1.498


Teleformación por plans docentes

Plans docentes	Nº actividades
<b>PEF</b>	75
<b>AFCAP</b>	9
<b>PAE</b>	23

## 2.5. EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DA ESCOLA

Neste apartado presentase a evolución da Escola en canto as actividades e os parámetros máis significativos, que resaltamos de modo específico para o ano 2010, en comparativa cos datos anteriores dende o ano 2004.

### EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN




#### Actividades ano 2010: 740

No ano 2009 as actividades totais foron de 650, un lixeiro descenso no número de actividades, además o número total de horas conserva a liña do ano anterior, con 9.823 horas totais de formación en 2009.

Porén ano 2010, o número de actividades deixou de ser descendente, e pasou a 740 actividades, cun total de horas de formación de 10.322.

É salientábel no gráfico de evolución en canto ao número de actividades, o incremento sostido ao longo do tempo e o repunte neste ano que nos ocupa. Comparando co gráfico de horas totais podemos extraer como primeira conclusión que se optou por unha política de maior número de actividades de menos horas de duración.

A continuación vexamos a evolución dos certificados:



No 2008 os certificados emitidos foron 14.920, un dato a considerar posto que sempre é positivo aumentar o número de alumnos con certificación, en 2009 o número de certificados foi de 14.410, mantendo as boas cifras de 2008.

E novo a cifra en 2010 mantívose en liñas xerais constante, con 14.226 certificados emitidos.

## 2.6. POLÍTICA DE CALIDADE

A Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR) certifica que o Sistema de Xestión da Calidade adoptado pola FEGAS para a xestión da formación do persoal da Consellería de Sanidade e o SERGAS en materias de Saúde Pública e Administración Sanitaria é conforme coas esixencias da Norma Española UNE-EN ISO 9001:2000 Sistemas de Xestión da Calidade.

A política de calidade vixente no ano 2010, de carácter público, fai referencia aos seguintes principios:

*Transcorridos máis de oito anos desde a creación e posta en funcionamento da Escola e unha vez dimensionada a súa actividade docente, a súa estrutura e os seus medios humanos e materiais, resulta ineludible definir e executar sen máis dilación unha política de calidade da Escola, sen que isto supoña admitir que toda a actividade docente e de publicacións realizada ata agora estea falta dela; antes ao contrario, o que se pretende a partir de agora é definir, estruturar e protocolizar unha política de calidade que mellore o xa conseguido ao respecto ata agora. Todo o persoal da Escola debe ser consciente de que para alcanzar o éxito e prestar un servizo axeitado ás necesidades dos participantes nas súas actividades debe esforzarse continuamente. Para isto, establécense os seguintes principios de funcionamento sobre os que vai xirar un Sistema de Xestión da Calidade:*

- *Ofrecer un produto formativo que responda ás exixencias da organización -Consellería de Sanidade e SERGAS- e ás necesidades de formación dos seus traballadores, coñecidas a través dos estudos realizados ao respecto.*
- *Prestar unha atención axeitada aos participantes nas actividades docentes da Escola, establecendo as medidas organizativas que correspondan e dispoñendo da loxística necesaria.*
- *Someter as publicacións, periódicas ou non, da Escola, aos estándares de calidade que rexen para a elaboración e difusión de publicacións científicas e divulgativas.*
- *Fomentar a capacitación do persoal da Escola e asegurar que execute o seu traballo segundo os procedementos e instrucións do sistema de xestión da calidade.*

### ➤ QUE QUEREMOS CONSEGUIR

- **A satisfacción das necesidades e expectativas dos usuarios:** non é só cuestión de boa vontade, senón de supervivencia. O noso obxectivo é ser, na mente dos nosos usuarios, a mellor alternativa, e para logralo non basta con facer ben as cousas; hai que facer as cousas que o usuario exixe e facelas como él espera, ou mellor.

- **A obtención dun persoal motivado e con sentido de pertenza á Escola.** hoxe en día as técnicas, métodos e procedementos son cada vez máis accesibles e comúns. O único que diferenciará ás escolas de administración no futuro será a calidade das súas persoas, os medios postos ó seu alcance e a súa capacidade para xestionalos. Queremos constituir un equipo capaz, cos medios máis avanzados e con sentido de pertencer a esta escola. Queremos trasladar esa imaxe ó exterior, ós nosos usuarios, provedores, institucións e a a sociedade en xeral.

## > COMO O CONSEGUIREMOS

• **A mellora continua da calidade dos nosos produtos e servizos:** a mellora continua é un dos nosos obxectivos. Cada novo logro é o escalón no que nos apoiaremos para mellorar máis. Porque iso é o que os nosos usuarios esperan e nos debemos tratar de conseguilo. O noso futuro está enfocado á mellora continua de tódalas áreas da escola:

. Temos que mellorar a calidade dos nosos servizos e produtos e as súas actividades e procesos, cometendo menos erros e optimizando os nosos ciclos de actuación.

. Temos que optimizar os nosos procesos claves, facelos máis eficaces e eficientes.

. Debemos mellorar nos resultados, facendoo ben a primeira.

• **A participación activa é compromiso de todos:** este proxecto non é soamente o dunha Dirección comprometida e inspirada capaz de alcanzar por sí mesma estes obxectivos tan ambiciosos. A Escola necesita o compromiso, a aportación e desempeño de responsabilidades por parte de todas as persoas, e para elo implantouse as correspondentes vías de comunicación e cauces de participación.


• **A incorporación permanente de tecnoloxías,** equipamento, coñecementos e métodos de traballo, a través da correspondente formación: O noso compromiso coa innovación forma tamén parte do noso carácter como escola. Se hai unha maneira mellor e máis eficiente de facer as cousas, invertiremos os recursos necesarios en software, equipamento e formación para conseguilo.

• **O cumprimento dos obxectivos:** o noso sistema de obxectivos engloba a toda a escola e compromete a todos os seus integrantes, de tal maneira que os obxectivos duns se interrelacionan cos doutros e todos inciden nos obxectivos comúns da escola. Consecuentemente, o fallo en conseguir os obxectivos de calquer elemento da organización inflúe negativamente nos logros do resto e, finalmente, na consecución dos obxectivos da escola.

O Sistema de Calidade da FEGAS aplícase a todos os procesos que interveñen na "Formación e Perfeccionamento do Persoal da Consellería de Sanidade e do SERGAS en Materias de Saúde Pública e Administración Sanitaria", e polo tanto, afecta a toda persoa involucrada na organización e que desempeñe calquera deses procesos.







## ACTIVIDADE DE APOIO E DIFUSIÓN

### ***Espazo aberto de intercambio e innovación***

A formación permanente e a reciclaxe profesional non só dependen de cursos e seminarios. Un labor formativa completa e competente necesita, ademais, pór en marcha outras actividades non menos importantes que constitúan un espazo aberto de intercambio de información e transferencia de coñecementos profesionais.

Desde a Fegas entendemos por transferencia de coñecemento a transmisión eficiente de ideas, resultados de investigación e distintas capacidades prácticas, entre os distintos actores implicados no proceso -profesionais sanitarios, organismos de investigación, universidades e a propia sociedade-, que permita o desenvolvemento de novos produtos e servizos que repercuten na mellora da calidade de vida e nos resultados en Saúde da poboación. As actividades de difusión e transferencia, respectivamente, alimentan e favorecen estes procesos de saúde da cidadanía.

Dada a complexidade do Sistema Sanitario Público de Galicia, tanto polo número de profesionais que nel traballan como por os distintos centros e institucións que o compoñen, resulta a veces difícil intercambiar opinións e resultados sobre todo o que se esta facendo a cotiá. Desde a Fegas estamos en disposición de posibilitar un espazo que permita transferir ese coñecemento xerado así como recoñecer publicamente as achegas cara á mellora continua do sistema e do servizo prestado á cidadanía, dos profesionais da nosa sanidade.

E todo iso sustentado nas distintas competencias outorgadas á Escola e recoñecidas nos seus fins como son:

- . O apoio á avaliación de novas tecnoloxías.
- . A realización de estudos sanitarios e a elaboración de documentación especializada.
- . A creación e difusión de publicacións e a xestión dun fondo bibliográfico.
- . O asesoramento e colaboración con entidades públicas e privadas sobre calquera materia relacionada coa saúde
- . A creación de bolsas e premios que axuden á difusión do coñecemento.
- . A organización de congresos e reunións de carácter científico e de especialistas no sector sanitario...

Actividades de intercambio e colaboración:

- Sesións de Traballo do Plan Estratéxico do Servizo Galego de Saúde
- Elaboración dunha Estratexia Galega contra o Cancro
- Encontro de Escolas de Formación Sanitaria
- Obradoiro de Debate sobre a Especialidade de Matrona



### 3.1. BIBLIOTECA VIRTUAL DA FEGAS

A nova Biblioteca Virtual da FEGAS, coñecida como Documentación dixital, estivo en proceso de desenvolvemento nos últimos meses do ano 2008 e hoxe en día é toda unha realidade, pasando a ser o referente documental da Escola no pasado ano 2009, consolidándose en 2010, o 65% dos docentes utilizaron a plataforma para difundir a documentación dos seus cursos.

Páxina principal da Biblioteca:

Página inicio | Cerrar sesión | Cambiar lengua | Fuentes RSS

**FEGAS**  
Fondo Galego de Administración Sanitaria

Iniciar | Buscar | Listas | Mi cuenta | Ayuda

**F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria**

***BENVIDOS AO ACCESO Á DOCUMENTACIÓN DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS***

Introduzca el código del curso en el cuadro "Comienza por" y pulse "Buscar"

Comenzar su búsqueda aquí: Búsqueda por campos

Buscar:  Comienza por:

Otras opciones de búsqueda

<a href="#">Búsqueda sencilla</a>	Con la búsqueda sencilla puede buscar por una palabra clave o frase.
<a href="#">Búsqueda avanzada</a>	La búsqueda avanzada le permite combinar diferentes campos tales como 'Autor' Y 'Título' O 'Materia' permitiendo una búsqueda simultánea de varios términos en diferentes campos.
<a href="#">Búsqueda por icono</a>	Búsqueda por Icono proporciona una búsqueda con un interface fácil y sencillo.
<a href="#">Búsqueda filtrada</a>	La 'Búsqueda filtrada' permite limitar las búsquedas por las opciones Empezar por, Contiene o Terminar en.

A Biblioteca Virtual permite a todos os alumnos da Escola descargar a documentación dos cursos que realice, ou doutra temática que lle interese, dende calquer lugar cunha conexión a Internet (dende casa, un aula de informática...), para poder almacenala no seu equipo ou imprimila.

Ademáis os profesores poden propoñerlles documentos aos alumnos en calquera momento, actualizar unha ponencia, permitirllles descargar a súa presentación da clase, proporcionarlles exercicios de reforzo... todo a calquer hora e en calquera lugar.

A Biblioteca Virtual da FEGAS permite buscar os cursos por diferentes criterios, por nome de ponente, título ou código do curso, materia do curso, ano no que se impartiu... o usuario decidirá ata qué punto quere afinar a súa procura.

Exemplo de procura no OPAC da Biblioteca:

The screenshot displays the FEGAS OPAC search interface. At the top, there are navigation links: "Página inicio", "Cerrar sesión", "Cambiar lengua", and "Fuentes RSS". The main navigation bar includes "Iniciar", "Buscar", "Listas", "Mi cuenta", and "Ayuda". The search section is titled "Realizado por EOS Internacional" and prompts the user to "Seleccione un tipo de búsqueda e introduzca sus criterios de búsqueda:". The search criteria are:
 

- Título: laboratorio
- Autor: (empty)
- Materia: calidade

